



Asinado o VIII Convenio de Ensinanza e Formación Non Regrada

O día 3 de abril de 2017 produciuse a sinatura do VIII Convenio de Ensinanza e Formación Non Regrada, suscrito polas organizacións sindicais CCOO e FeSP-OuGT, e por todas as Patronais representadas na Mesa Negociadora, CECAP, CECE, A CADE-FECEI e ANCED.

A Federación de Ensinanza de CCOO, sindicato maioritario do sector, valora de xeito moi positivo o acordo alcanzado tras un intenso e complexo proceso de negociación, no que finalmente, gracias ao esforzo das partes negociadoras, foi posible unha firma que conleva a revisión das condicións salariais e laborais, cunha necesaria actualización lexislativa xeral e clasificación profesional entre os aspectos máis destacados.

O convenio que será de aplicación tras a súa publicación no BOE, supón a regulación dun importante sector de ensinanza privada, e no que destacamos os aspectos máis relevantes:

- Ámbito de aplicación temporal ata o 31 de Diciembre de 2018..
- Revisión Salarial
 - 2015 subida salarial 0.5%
 - 2016 subida salarial 1,5%
 - 2017 subida salarial 2%
- A suma destas subidas salariais supón algo máis do 4% sobre os salarios actuais e o CPP (Complemento de Perfeccionamiento Profesional).
- A subida salarial ten carácter retroactivo, e polo tanto as empresas deberán pagar os atrasos de 2015, 2016 e os meses que levamos de 2017. Aínda que, as empresas poderán pagar os atrasos correspondentes os seus traballadores no prazo de tres meses (a partir da data de publicación no BOE) e fraccionar as cuantías con carácter retroactivo en tres pagos dentro deses tres meses.
- Compromiso de acordar as táboas de 2018 antes do 31 de diciembre de 2017.
- Dereito a acumular as horas de lactancia: 15 días laborables.
- O Plus de transporte transformase en nun novo complemento chamado: “Complemento de Dedicación”, mantendo o seu importe e os seus tramos.
- Incorporase un novo artigo sobre a Cesión de horas sindicais no seo da empresa.
- Introdúcense as categorías profesionais de Televendedor e Prospector de Emprego.
- Incorporase un novo artigo sobre a sucesión de empresas no que se especifican as condicións para a subrogación de traballadores e a información a entregar pola empresa sainte.
- Incorporase un novo artigo sobre a mobilidade funcional para evitar que se pidan tarefas de grupos diferentes e se remuneren proporcionalmente si é de categoría superior.
- Regulación xeral da contratación a tempo parcial. Rexistro da xornada, etc.
- Porcentaxe de horas complementarias sobre o contrato a tempo parcial, 45% e 22%.

CCOO seguirá traballando polas mellores condicións dos traballadores e traballadoras do sector.